

RESOLUCIÓN REITORAL DE 20 DE MARZO DE 2020 MEDIANTE A QUE SE REGULA A MATRÍCULA DO ALUMNADO DE PROGRAMAS DE MOBILIDADE, RETORNADO POR CAUSA DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ordena a suspensión da actividade académica educativa presencial en todos os niveis académicos, incluída a ensinanza universitaria, e establece que durante o período de suspensión manteranse as actividades educativas a través das modalidades a distancia e “on line”, sempre que sexa posible.

A Universidade forma parte do sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e polo tanto lle resulta de aplicación o mandato establecido no precitado Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

A suspensión das actividades académicas é un feito que se está a producir de forma xeral na totalidade das universidades, o que está a provocar o retorno á Universidade da Coruña do alumnado matriculado en programas de mobilidade no curso académico 2019/2020. No caso de que o alumnado afectado decida anular a súa mobilidade estaría na obriga de modificar a súa situación académica, pasando a ter a consideración de alumnado que debe ser avaliado en todas as materias nas que estiveren matriculados, na Universidade da Coruña, e non naquelas universidades de destino en mobilidade.

A excepción prevista no apartado 3.4.2, do artigo terceiro da Normativa de xestión académica, aprobada por Resolución reitoral do 06/06/2019, para o curso académico 2019/2020, deixaría de producir efecto, debendo, o alumnado afectado, matricularse de todos aqueles créditos de formación básica e obligatoria non superados, correspondentes aos cursos anteriores da titulación.

Así mesmo, a perda da condición de alumnado de programas de mobilidade suporía que estes estudantes non quedasen excluídos da aplicación da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de Grao e Máster Universitario na Universidade da Coruña, tal e como se establece no artigo 1.3 da precitada Norma, tendo a obriga, estes estudantes, de axustar a súa matrícula ao número máximo e mínimo de créditos establecidos, ben para o réxime de dedicación ao estudo a tempo completo, ben para o réxime de dedicación ao estudo a tempo parcial.

Non obstante o exposto débese ter en consideración o feito de que a situación na que pasan a encontrarse o citado alumnado é consecuencia de causa sobrevida e de situación de forza maior, e non consecuencia dunha decisión de carácter voluntario.

Consonte co que antecede, e ao abeiro da Resolución reitoral de 14 de marzo de 2020, e en aplicación das medidas extraordinarias desta universidade, previstas para adaptar as actividades académicas á suspensión temporal da actividade docente presencial,

Código Seguro De Verificación	oUytCE9wKahgtTPq0qZKFw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/03/2020 14:54:06
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/oUytCE9wKahgtTPq0qZKFw==		



RESOLVO:

Primeiro.- O alumnado da UDC que estivese nun programa de mobilidade e que pola incidencia epidemiolóxica COVID-19 solicite reincorporarse á actividade académica na UDC, será readmitido previa solicitude formalizada na Oficina de Relacións Internacionais.

Segundo.- Considerarase xustificada a súa ausencia até o momento da reincorporación e, na medida do posible, facilitaráselles a realización das actividades de avaliación continua. No caso de que non poidan realizar estas actividades, terán dereito a un exame final na convocatoria ordinaria cun valor do 100% da cualificación.

Terceiro.- A matrícula que efectuasen para o curso académico 2019/2020 é totalmente válida, resultándolles de aplicación o réxime de excepcionalidade establecido nas normas precitadas.

Trasládese a presente resolución aos decanatos e dirección +das Facultades e Escolas, ás súas Administracións e Unidades de Xestión Académica Integrada, e á Dirección da Oficina de Relacións Internacionais.

Julio E. Abalde Alonso

Reitor

Código Seguro De Verificación	oUytCE9wKahgtTPq0qZKFw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/03/2020 14:54:06
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/oUytCE9wKahgtTPq0qZKFw==		

